





*Para todos os gustos,
idades e momentos...*



MOMENTOS LECTORES: SEGURO QUE ENCONTRAS O TEU!

*Pola noite, entre as sabas frescas,
coa pel ardendo despois dun día de
praia.*

*Almorzando sen présa nunha mañá
de vacacións.*

*Á hora da sesta baixo a sombra da
figueira.*

*No galpón escoitando a choiva
quente dunha tormenta de verán.*


*De madrugada porque non
podo durmir.*

*Encabuxado no meu cuarto porque
non me deixan saír.*

*Escondido no faiado para que non
me amolen os meus irmáns.*

*No autobús camiño da casa dos
primos.*

Verán 2009



*O club de lectura
Xeración Viós
recoméndache.....*

VASCONCELOS, de Mauro: A miña planta de laranxa lima. Este libro é a historia dun neno pobre, Zezé, que tralo prisma da súa imaxinación e inocencia converte en infancia feliz o amargo mundo que o rodea.

ALEIXANDRE, MARILAR: A cabeza da medusa Novela de adolescencia onde conta a historia de Sofía e Lupe, que tras sufrir unha violación son elas as que están marcadas socialmente. A condición de muller é unha marca en moitas sociedades. Tamén na nosa.

CARBALLUDE: Pepe: Xograres dun tempo novo. Unha historia de amor tráxico que nos leva á época da república e das Misións Pedagóxicas, unha tentativa de paliar as diferenzas entre a aldea e a cidade.

VV.AA. O relato policial de Poe a Conan Doyle: Nesta antoloxía recóllense relatos policiais dos primeiros autores do xénero. O investigador busca, ordena e organiza os datos da experiencia para acceder á verdade que procura, converténdose en médium entre o home e o imposible.

CLARCK, Mary Higgins: Dos niñas vestidas de azul: Unha novela entretida e para pasar o tempo onde se relata o secuestro de dúas xemelgas, cando os seus pais saen cear (sóavos?)...

CLAUDEL, Philippe: La nieta del señor Linh: relata a historia dunha amizade que se constrúe máis alá das diferenzas das palabras e se afianza con xestos, miradas e o coñecemento mutuo dunha soedade compartida. A sinxeleza da linguaxe a capacidade de dicilo todo con moi pouco fan que esta lectura sexa un pracer poucas veces fácil de acadar.

MIRANDA, XOSÉ: Morning Star. Unha novela de aventuras localizada nos montes galegos do século XIX, con bandoleiros, odios, amores, vinganzas, sangue, crimes, persecucións... Unha lectura trepidante.

SILVA, Lorenzo: Trilogía de Getafe. Tres amigas de quince anos, que viven en Getafe, e levan unha vida absolutamente normal, lévannos da man no difícil camiño que as leva a medrar.. Todos, xoves e non tan xoves , podemos revivir con elas momentos dunha etapa da nosa vida. O maior mérito destes libros consiste en que ao interese das historias se une unha innegable calidade literaria.

STEINBECK: A perla. O achádego da Gran Perla, a perla máis grande e fermosa nunca vista podería solucionar os problemas de Kino, Juana e Coyotito, pero o que fai é pór en marcha a maquinaria da cobiza e atraer a desgraza sobre esta familia humilde.

ANDHAZI, Federico : Ei Conquistador. Esta novela explora a fábula, a tese de que un grupo de aborixes latinoamericanos chegara ao Vello Continente antes da viaxe de Colón. Preséntase, pois, un novo modo de entender a historia, que encerra un pouco de vinganza e de reivindicación cultural.